


Facede isto en memoria de min



**Apropiación e
liberación da eucaristía**

A foto que fala

Dirixindo as augas
(Cidade de México).



O trasno O pensionazo

Daniel López Muñoz

Acendéronse as alarmas da débeda pública. Organismos e expertos alertan do perigo da economía española, na que o Estado debe un equivalente ao 75% do PIB, isto é, do valor de todo o que se produce. E cargan contra o gasto social e as pensións: traballar máis tempo para ter menos pensión.

Cansamos por aquí de dicir que certas medidas preelectorais de Zapatero non tiñan máis xeito có de sempre: repañar unha presiña de votos. Con penosas consecuencias. E coa mensaxe envelenada, como no asunto de devolver 400 euros -e que ninguén reclamara-, de que ao Estado lle sobran os cartos. Era época de superávit. E isto coa cuarta parte da economía somerxida e agachada ao fisco.

Éche unha cuestión de incontinencia. Chegan ao poder e uns, para salvar o posto -tal que así foi o caso de Pérez Varela con Fraga-, teñen unha ocorrencia faraónica, como a cidade da cultura e, outros, para “fidelizar clientes”, fan marabillas. E ao bipartito chegoulle ben de tanta “creatividade gastadora”, argumentada no triste “tamén os outros o facían”: bolsos, bolsas, maletíns, camisetas de curiosa serigrafía, memorias usb, carpetas de

deseño, axendas multicolores por triplicado, edicións varias... unha festa, e todo para demostrar que iso non vale para gañar eleccións.

E, despois, cando se produce un avance social, como o da Dependencia, pois resulta que por “universalistas” e “super-guais-europeos” convértese nunha pensión extra, na que tantas veces cobran igual os que teñen dez pisos, como o que non ten nada; o que vive nunha unidade familiar na que entran catro soldos, como a que vive só co seu home (o Estado impuxo o criterio de que só se computen os ingresos do vello e da súa muller). É dicir, que, por modernos e centralistas, facemos dunha medida social algo insostible e pouco social.

Agora falan de recorte de pensións e de máis anos a traballar. Que pola baixa natalidade hai vellos de máis e cotizacións de menos. Ben, pero que se acorden de que hai xente que traballou toda a vida a sacou adiante fillos, que agora cotizan por eles e polos que decidiron lexitimamente absterse de procrear e vivir libres de cargas. Se cadra algo diso habería que ter en conta e, de paso, inaugurar un novo enfoque de apoio á familia e de reversión do desastre demográfico.



Editorial Invictus: A non vinganza

Invictus é a nova película de Clint Eastwood, director cunha filmografía que merece ser visitada periodicamente. Baseada no libro *O factor humano* de John Carlin, a película narra o acceso ao goberno de Nelson Mandela, nunha Suráfrica na que legalmente desaparecía o apartheid. O tema desta película é a non vinganza, mesmo a renuncia a “facer xustiza” en toda a extensión do concepto. Un tema con numerosos e variados antecedentes históricos, desde a benaventuranza da non violencia e o perdón ata a forma na que se levou a transición á democracia en España.

Adoitamnos recorrer á historia para conseguir privilexios

Mandela foi visto por moitos dos seus coma un traidor, igual que no pasado lles tocou a Suárez e Carrillo, ou a Gerry Adams en Irlanda. O lema parece claro: cando conseguimos que as regras inxustas cambien, debemos centrarnos máis en desenvolver as novas regras, e menos en axustizar aos que con outras normas de xogo cometeron inxustiza. Facer xustiza non é facer vinganza.

Unha vez vencedores, ancorar no pasado buscando os momentos que máis nos lexitiman, seleccionando o que máis se adecúa á nosa posición, é un exercicio miope que atranca a novidade. Pode ser lexítimo e humanamente comprensible, pero dificultaría a reconciliación e a reconstrución. Buscaría máis a xustiza do vencedor cá convivencia dos sobreviventes. Ademais, non se sostén por moito tempo o de recorrer á historia para lexitimar a ocupación de parcelas de poder, mesmo de abuso de poder, cando se procuran vantaxismos ou privilexios só baseados no pasado.

A parábola que nos conta Eastwood para mostrar a necesidade da non vinganza consiste na decisión de Mandela de que o equipo de rugby branco sexa a selección nacional surafricana, a de todo o país multicolor, o do “arco da vella” que el defendía. Foi un primeiro paso na unión necesaria. Os negros surafricanos estaban totalmente lexitimados para case todo, debido ás enormes inxustizas que se cometeran contra eles. Pero as regras cambiaran. Ese foi o seu maior trunfo: lograr cambiar as regras, dar un paso adiante na convivencia plural. Afastarse dos discursos únicos, recoñecendo que a parte de verdade que nos transmite o opositor é tamén parte esencial da democracia. Entre crear e crecer, ou recrearse nas miserias e no castigo dos perdedores, parece que Mandela tivo claro que era o preferible.

Rumores de esperanza

Xan Guillén



No momento que escribo isto estou a poucas horas de colaborar na presentación do libro *55 mentiras sobre a lingua galega*. O libro é un traballo dun grupo de sociolingüistas serios e documentados sobre as falacias máis frecuentes en torno á lingua galega. Punto por punto van desmontando todo o que se di sobre a lingua con respecto ao ensino, ao seu uso, á súa utilidade, á normativa

Non se trata dun sesudo tratado de sociolingüística. Máis ben trátase dun libro de divulgación que, na miña opinión, ten un aquel de tratado de autoaxuda e de autodefensa. Por unha banda autoaxuda, xa que nos serve a aqueles que gustamos de usar o galego para sentirnos como o que somos:

xente normal que defendemos a nosa cultura e por iso amamos a nosa lingua. Por outra banda, de autodefensa porque nos dá argumentos para contestar todos eses tópicos que circulan en torno á nosa lingua. Seguro que en moitos casos xa sabemos a resposta a esas falacias, pero agora teremos máis argumentos.

Eu coido que este libro vai facer que descansemos. Cada vez que alguén do noso entorno nos veña coa crítica non teremos que cansarnos en argumentar; dámoslle o libro e pedímoslle que o lea. Gastaremos os cartos, pero pagará a pena. Non dubidedes que é unha boa noticia para a nosa lingua e para a tranquilidade dos que falamos galego.

1



3



2



4



A peneira

1

O 7 abriuse o **XI SALÓN DO LIBRO** infantil e xuvenil, en Pontevedra, con "levirte", "espazos máxicos". Remata o 13 de marzo coa homenaxe a Agustín Fernández Paz, coa palabra doutros tres chairegos, o tamén Premio Nacional, Xabier P. Docampo, Mini e Mero. Non cadramos en pechar esta literatura por idade, pero os máis novos necesitan esta ferramenta para soñar. Xa en setembro, do 8 ao 12, en Santiago, o Congreso de Literatura Infantil, co título: "A forza das minorías", bianual, xunta membros do IBBY de todo o mundo.

2

50 anos de **MANS UNIDAS**. 100 millóns máis ca no 2008 pasan fame (1 de cada 6). Cada 6 segundos morre un neno de fame: 14.000/día, 50 millóns/ano. 178 padecen malnutrición cando 167 € sobran para alimentar a un durante dous anos. O 70% vive no rural, cando unha solución é a pequena agricultura e a diversidade de especies que se adaptan ao cambio climático. E segue incrementándose, pois o 80% dos prezos dos bens e recursos nos países pobres medran. O cambio climático aínda agrava a situación: 1,1 millóns de toneladas de arroz perdéronse en Filipinas polos tifóns.

3

O 14 é a **XXX FEIRA DO GRELO** nas Pontes, liderada por 50 produtores. Unha das celebracións gastronómicas máis antigas nao que podemos ver comparsas de Entroido, mostra de produtos do Eume, e o 20, preto do nacemento dese río, Expogrelo, en Abadín, onde 120 produtores comercializan 5000 quilos cada día. Estrean a Indicación Xeográfica Protexida da UE que inclúe nabizas, e os cimos, anteriores á floración. As investigacións sinalan o seu alto contido en vitaminas, minerais, o carácter antioxidante, mesmo antídoto contra algún cancro.

4

6 mocións de censura en dous meses, alporiza. Nas 3 últimas lexislaturas, houbo 18 mocións, e nas 3 anteriores, 46 (delas, Abegondo, 3, e outros 7 dúas). A última en **PORRINO**, onde o 60% dos obreiros de 250 empresas, viven fóra (11.000 de 17.000 veciños), e con medo ao futuro. Con máis renda por cidadán e con máis paro: un 13, 8% (só en novembro, un 12% máis). Nun ano e medio baixaron na S. S. 1815. Na ilustración a marioneta da plataforma contra a censura.

6



8



5



7



Alfonso Blanco Torrado

5

No 2051 seremos 1 millón menos. Cada ano morren entre 6000 e 10000 máis dos que nacen. **MAIS VELLOS**, o 22,8%, (6,45 máis ca no Estado), e menos activos/as. En Ourense son o 28,4% e en Lugo o 27,7%. Só o 17,5% do censo ten entre 15 e 64 anos, distanciándose o interior do litoral, o 14% do territorio que sostén o 60% de poboación e riqueza. O 88% somos nativos, a diferenza de Baleares, que non é a metade. En Abadín, Monfero, A Capela..., son o 98%. Noutro polo están miles de portugueses na Mezquita e Valdeorras, na raia, e venezolanos en Avión e Beariz.

6

A teima de Médicos sen Fronteiras, son os **ENFERMOS ESQUECIDOS**. Males con remedio, que matan 8000 persoas cada día, sen asistencia dos gobernos. Un millón por malaria, 14.000 de chagas, 270.000 nenos pola sida, 17 millóns por tuberculose (o 95% pobres) ao ano por tratamentos deficientes ou caros. O 90% do orzamento de investigación afecta á saúde do 10%, os ricos, como a gripe A (uns 10.000). Na foto, Marie Castro filla de emigrantes en Suíza, de MSF, 13 anos traballando arreo no 3º Terceiro Mundo.

7

Hai 283 no **PARO** cada día, 8789 en xaneiro. Destruíronse 92 empregos por día no 2009 (33.000). O crecemento continuo non existe. O neoliberalismo creou miseria. Se en 1960, a fenda entre o 20% rico e o 80% pobre, era de 1 a 30, agora é 1 a 80. Os ricos arrasan, superando a biocapacidade da terra, como se houbera 1,3 planetas. Se un norteamericano consome 12,9 hectáreas, lixo incluído, un bangladés só 0,56 (a media sostíbel é 1,9). Se os terrícolas vivisen coma un europeo, necesitarían 3 terras, e como un norteamericano, 7.

8

Axuda a Refuxiados denuncia maltratos a un 40% de **INMIGRANTES**, nos centros de internamento. Unha estadia curta convértese, coa nova lei, na detención de 40 días. En situación precaria de alimentación e hixiene. A metade son africanos: o 20% viñeron en caiucos. Outro 20% vivían aquí. Un 40% latinoamericanos. O franciscano, Isidoro Macías, acolleu en Alxeciras, dende o 2000, 500 mulleres explotadas, algunha, con 4 anos de travesía arrepiente. Os poderes acúsanos por atender a "sen papeis".

☎ 27891 CERYO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

☎ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 02 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

☎ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

☎ Rebl, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

☎ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

☎ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galcriamadrid@sargadelos.com



☎ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

☎ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

☎ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

☎ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

☎ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

☎ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

☎ Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

☎ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espirolde@yahoo.com

☎ Calvo Sotelo, 8
36580 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aeestrada.com

POLÍTICA

Pedro Pedrouzo

Asfaltar o camiño á dereita

Hai un mal xeralizado na esquerda que cre que as eleccións se gañan coa imaxe, que pensa que queremos xente guapa gobernando con discursos politicamente correctos. Cada tendencia política do noso país sofre determinados tics que segundo máis se abusa deles, se fan máis insoportables para os cidadáns. A dereita tende a pecar de chulería, apegada ao éxito económico e empresarial de gran parte da súa base social, parece vivir nun mundo no que, quen non trunfa, non merece respecto. Sen embargo, a esquerda peca de solidarismo: crea vítimas sociais onde non as hai, carameliza de tal forma o debate político que parece máis cerca da utopía que da realidade, apela de tal forma aos sentimentos que acaba creando a sensación de incapacidade de gobernar en tempos duros: parece que só saiba repartir caramelos. Os nacionalismos temos tamén pecados orixinais que con demasiada frecuencia nos negamos a tratar ante a evidencia do noso escaso peso político, pensando que a reflexión nos esmorece e agranda aos que nos critican. Entre todas estas tendencias, hai demasiados necios que pensan que teñen a razón, e que a súa razón é a única razón. Para eles faría falta unha pronta xubilación anticipada.

Gobernar é tomar decisións con recursos escasos, e canto máis cerca se está dos lugares públicos, máis clara se ve a voracidade coa que consumimos os cartos de todos. Constátase a enorme dificultade de saber elixir cales son os

hai demasiados necios que pensan que teñen a razón, e que a súa razón é a única razón

destinos máis atinados para uns recursos públicos sempre escasos para as crecentes necesidades sociais que xeran as nosas sociedades opulentas. Creamos un sinfín de dereitos que precisan dunha cobertura económica que demasiadas veces está menos garantida do que os nosos gobernantes lle contan á prensa. O delirio económico que nos caracterizou nos pasados anos, nos que parecía haber cartos para gastar a esgalla, rematou. Necesitamos priorizar, pero ademais todos debemos traballar para saír adiante, incluso os que teñen traballo, fundamentalmente eses.

Un discurso obstinadamente optimista, en vez de xerar confianza, asfalta o camiño para os especialistas en reformas, para os que non necesitan pedir perdón cando se trata de sacar as tesoiras para recortar. Cada político ten que buscar a súa lexitimidade no que fai, non no que di, nin no que promete.



O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

En que andaría Aristóteles cando pensou nun Deus extramundo? En que andaría para soñar nun Deus afastado do mundo e interventor de catástrofes “humanitarias”? En que andaría para amolar toda a teoloxía por séculos que aínda hoxe rezamos mirando e pedíndolle ao ceo e preguntándolle a Deus polo tremor de Haití? Quizais no durmía, ou xantaba ben...?

En que andaría Gloria Lago cando en carta secreta lle chamou nacionalista ao irmán Reboiras? En que andaría? E andaría en pensar que Rosalía, Curros, Bóveda, Cunqueiro..., que rezaban e crían en Deus, eran perigosos extremistas e ultras nacionalistas? Unha vez preguntáronlle a D. Antón Fraguas se era verdade que o acusaran de comunista perigoso. Sabes o que contestou cando tiña 80 anos?: “Ai... se fora agora, que uso bastón...!”

En que andaría o amigo Manolo Espiña cando lle dixo a aquel cardeal: “Prefiro honra sen mitra que mitra sen honra...” En que andaría? E andaría en saberse xente coa xente, fala coa fala, cunca co caldo? A nosa maior riqueza é ter motivos para vivir, dixo Espiña.

O caso é que o outro día, na Festa do Lume, pensamos nestas cousas. En que andarían as amigas Doroteas para quedar en Galegos cando todos marchaban da aldea? En que andarán agora que non hai meniños, acompañando a velliños e velliñas e falando como eles falan, na mesma lingua?

En que andaremos nós falando e falando, pendentes de ritos e outras andrómenas? En que andaremos se, como dixo o Regal, non nos damos no pan e no viño? En que andaremos se o que molesta de nós son as formas, e non as palabras e non os intentos? En que andaremos?

Eu sei onde andan Reboiras, e Espiña, e as Doroteas e o pobre Francisco, e ti, meu Antonio, e tanta xentiña que son profecía... E nós en que andaremos? Velaí a Coresma.



O CARRABOXO por ROBÉ LOIS





A asemblea: rendendo contas

Festa do Lume 2010, reflexionando sobre que é (e que non) eucaristía.

Un ano máis, arredor da festa da Candeloria, cando casan os paxariños, no pazo de Galegos, xuntámonos os da asociación Irimia, na nosa asemblea anual, aproveitando para vernos e conversar, para debater e planificar, para render contas e, así, tratar de mellorar. Nesta data facemos, efectivamente, a asemblea anual da Asociación que dá soporte á revista Irimia, ás Romaxes e a outras iniciativas que van e veñen. Tamén reflexionamos sobre algún tema e celebramos a eucaristía.

Ás 10, a asembleablea xeral ordinaria: Grazas á gratuidade

Na asemblea, conducida por Sole, a presidenta saínte, e por Concha, a secretaria, fixemos repaso do exercicio pasado, de todas e cada unha das seccións e encomendas, especialmente da Romaxe e os seus avatares, recibindo información actualizada sobre a próxima edición, en Monterroso, sobre os lemas e motivos e sobre as reunións que xa se levan feito na zona; da revista e os seus 804 números de fidelidade e compromiso; doutros encontros e “irimianzas” locais, polo norte do país, e tamén dos sábados bíblicos, que pasan de Santiago á Coruña, da man, desta volta, de Xoán R. Herranz..

tivo, o que se agradece en tempos de vacas fracas.

Tamén renovamos a Xunta Directiva, resultando elixido presidente da Asociación, Lois Ferradás. Lois, pedagogo e mestre de mestres, leva en Irimia desde a súa orixe e impulsou iniciativas tan interesantes como a escola Alento de educadores de tempo libre. Agora, nos últimos anos, exercía de vicepresidente.

Unha revista mensual? Unha web viva?

Un dos temas que máis deu que falar foi a posibilidade de cambiar a periodicidade da revista, pasando a ser de carácter mensual, aínda que aumentase lixeiramente o seu tamaño. Isto tería vantaxes, recortaríanse gastos inútiles, coma os de envío, que causaron certo “escándalo” xa que ascenderon en 2009 a 9.664 €, igualando case aos de impresión, que a penas son mil euros máis.

O debate iniciouse, pero quedou inconcluso, pois para algún dos presentes, ese cambio vai unido a un cambio no propio enfoque e concepción da revista.

Para aclarar este tema e tomar unha decisión, comisionouse á Xunta Directiva para que faga un grupo do traballo coa Mesa de Redacción e leven adiante o que decidan.

En calquera caso, como os tempos van cambiando, cómpre ter en con-

O importante é facer memoria “enteira” de Xesús, tamén da súa maneira de vivir

Deunos Pepe Barca, o tesoureiro, conta detallada da situación económica da Asociación, que é saudable, grazas á gratuidade de tantos e tantas. Neste ano pasado a Romaxe deu un superávit de 5.000 €; tamén os gastos xerais da Asociación (con superávit de 500 €), o que permitiu enxugar o déficit da revista (de algo máis de 2.000€) e rematar o exercicio en posi-

ta que modificar a revista ten que ver coa posibilidade de establecer outras canles de comunicación e relación. Por iso non se pode separar aquela cuestión da presentación que Manolo G. Turnes fixo da páxina web da Asociación. Nesta páxina vaise presentar en tempo real todo o que poida interesar ao movemento Irimia: convocatorias, artigos, temas de actualidade....o penúltimo número da revista. E ademais, é unha estupenda posibilidade para fornecer a toda a xente dun arquivo actualizado de publicacións anteriores, materiais para celebracións da fe en galego, artigos de teoloxía, crónicas.

E ás 12.00 relatorio de Manolo Regal sobre a Eucaristía

Manuel Regal Ledo, animador incansable de comunidades e fornecedor de vida e pensamento cristián, falou sobre a Eucaristía. O tema ten, para Irimia, unha permanente actualidade. Nos hai mais que escribir “romaxe de crentes galegos” en google e comprobar a cantidade de páxinas da dereita católica máis reaccionaria emitindo sentenza de morte contra esta humilde celebración de fe en clave cultural galega. Todas, por suposto, declarando que nas romaxes non hai eucaristía e, se a hai, berrando que é sacrilexio. Os bispos deben pensar

que somos importantes e que os outros teñen predicamento no Vaticano. Será certo (o segundo polo menos).

Manolo Regal falou da importancia de “facer memoria enteira” de Xesús, non só da súa morte e resurrección, senón de maneira especial da súa vida, da súa maneira particular de vivir, de comer, de andar os camiños, de relacionarse e situarse fronte ao conflito. Unha vida que é a que dá sentido a todo o demais, tamén a aquela emocionada cea de despedida, que quedou sacramentalizada para sempre.

Despois abriuse un debate moi rico entre os presentes, nos que quedou de manifesto cómo tantas celebracións de misas perfectamente ortodoxas e nada conflictivas para a xerarquía, serven máis para encubrir que para revelar e facer memoria do Xesús de Nazaré. E ademais, aburren aos nenos e nenas e son pouco ou nada significativas para os maiores de hoxe.

Valorouse tamén positivamente a maneira en que se celebrou a Romaxe en Aguiño e insistíuse en que a nosa preocupación non é tanto discrepar ou ceder en aspectos canónicos, como deixar de ser capaces de “tocar” o corazón dos que asisten, de interrogar á xente nova, de abrir unha porta á transcendencia e ao Misterio de Deus, afondando a experiencia de

liberación humana, de perdón e de aposta radical pola fraternidade –que son as experiencias básicas na vida de Xesús.

Xantar e celebración

Despois da asemblea e do debate, pasamos, como é habitual, a comer e beber (que son sacramentos da vida). A medio camiño entre a festa gastronómica de Galegos (e sobre todo de Galegas) e a multiplicación dos pans e das tortillas, demos boa conta das cousas que cada quen foi levando e compartindo. (A pesar do alto nivel das tortillas, as finalistas desta edición foron, cómpre dicilo, Gloria Brenlla – con carne rechea-; Charo Rinlo -leite frito de termomix-; e Cristina Moreiras -Quiche lorraine tre arrefrié.

Á tarde celebramos unha eucaristía, na que fixemos memoria de Xesús arredor do lume que ilumina, que queima e purifica, que quenta e dá enerxía. Demos grazas por moitas cousas. E unha moi especial foi por eses case vinte anos nos que as doroteas de Galegos nos acolleron na súa casa para facer pousada invernal na nosa camiñada.

E así fomos rematando e renovando as nosas forzas, que para os tempos que corren, sempre fan boa falta.



Lois Ferradás, o novo presidente, entre dúas ex-presidentas: Sole e Carmela.



Manolo Regal nun momento do seu relatorio

Utopía



INVICTUS

Na noite que me asolaga,
coma un abismo, negra, insondable,
dou grazas ao deus que sexa
por esta alma miña, inquebrantable.

Apreixado por terribles circunstancias
non acenei, non chorei.

Sometida aos golpes do destino
a miña cabeza sangra, pero erguida.

Máis aló deste lugar de ira e bágoas
só este horror de sombra se levanta,
e aínda así, a ameaza dos anos
atópame, e hame atopar, sen medo.

Non importa a angostura da cancela,
nin a carga de castigos na sentenza,
dono son do meu destino,
eu son o capitán da miña alma.

William Ernest Henley

Ás furtadelas



Humanismo e nova lei de estranxeiría

A Igrexa somos católica, universal, chamados a formar unha soa familia con todo o xénero humano. Para nós non hai estranxeiros, somos irmáns, temos un mesmo pai, non podemos darlles as costas sen perder a nosa vida, porque “sabemos que pasamos da morte á vida porque amamos os irmáns” (I Xoán 3, 14). Pero o recoñecemento de que cada persoa goza de dereitos fundamentais, non como dun beneficio concedido por unha certa clase social ou polo estado, senón como unha prerrogativa propia por ser persoa, non é exclusivamente católico, está na base de todos os humanismos.

Noticias obreras, núm. 1493

http://

<http://goacbarcelona.blogspot.com/>

Blog da GOAC, o movemento de acción católica que a nivel estatal se coñece co nome de HOAC.

<http://www.projectefiare.cat/>

Fiare (Fundación Inversión y ahorro responsable) a banca ética segue avanzando.

<http://www.planetaki.com/normalizagaliza>

O planeta dos equipos de normalización en internet.

Como dicíamos onte...

Unha vez máis o leite

O prezo do litro de leite ao gandeiro no lugar de recollida será de 32,35 pesetas por litro. No referente á calidade hixiénica do leite estas son as bonificacións e os descontos: o leite de primeira clase (o que teña ata 200.000 bacterias por cm³ pagarase a 2 pesetas máis por litro; o leite de segunda clase (de 200.000 a 700.000 bacterias por cm³) pagarase a 1 peseta máis por litro. Por cada millón de bacterias que sobre pa-

sen os 2.000.000 por cm³ descontaranse 0,25 pesetas por litro. Segundo isto está claro en que medida nos vai afectar aos produtores galegos esta nova normativa. Con toda probabilidade os prezos de venda do leite empezarán a baixar progresivamente nesta campaña que vai a baixar.

Irimia, nº 198 (8 de setembro de 1985)

Internacional O Sahara e Marrocos

Moisés Lozano Paz



A recente loita de Aminetu Haidar a favor dos dereitos humanos, en especial no seu pobo O Sahara, serven para facer unha breve reflexión sobre o papel de Marrocos, os organismos internacionais e España neste conflito tan duradeiro.

Unha historia de despropósitos

Se analizamos as datas, logo da marcha de España do Sahara, atopámonos cos seguintes datos. En novembro de 1975, asínanse os acordos de Madrid, polos que España se compromete a abandonar o Sáhara antes do 28 de febreiro de 1976. Traspásase o groso da colonia española a Marrocos e un terzo a Mauritania. En febreiro de 1976, márchase o último representante español no Sáhara Occidental. En 1979, Mauritania asina a paz co Polisario e retírase do Sáhara Occidental. A partir de 1980, o exército marroquí comeza a levantar muros defensivos ao redor do territorio ocupado. En 1981, no cume da OUA en Nairobi, Hassan II acepta celebrar un referendo de autodeterminación do Sáhara. En setembro de 1988, a Asemblea da ONU aproba un plan de paz para o Sáhara, que é aceptado por Marrocos e o Polisario. En 1991, Nacións Unidas crea a Misión para o Referendo do Sáhara (Minurso). En 1992, Hassan II anuncia o seu desexo de converter o Sáhara nunha rexión de Marrocos. En febreiro de 2000, á vista dos numerosos recursos presentados por Rabat, Nacións Unidas anula de novo o referendo. En xuño de 2001, a ONU descarta a autodeterminación do Sáhara Occidental e impulsa a solución da autonomía baixo administración marroquí. En febreiro de 2002, Kofi Annan propón por primeira vez ao Consello de Seguridade a partición do territorio saharauí. En xaneiro de 2003, James Baker, enviado persoal de Kofi Annan para o Sáhara, presenta un novo plan. Propón a celebración dun referendo na ex colonia española, “non antes de catro anos e non logo de cinco”, etapa durante a que o territorio terá estatuto de autonomía dentro de Marrocos e estará administrado por un Executivo e unha Asemblea Lexislativa provisionais. En xullo de 2003, o representante da Fronte Polisario ante a ONU, Ahmed

Bujari, anuncia que o seu movemento independentista estaría disposto a explorar o Plan Baker. En 2005, os principais núcleos urbanos do Sahara Occidental convertéronse no escenario de graves protestas en contra da ocupación marroquí. Na actualidade parece non existir unha solución para favorecer un dereito humano colectivo: a independencia do Sahara.

A ocupación de Marrocos

En 2009, a Eurocámara expresou a súa preocupación ante a ONU polo deterioro da situación dos dereitos humanos na rexión. Expresamente referiuse aos dereitos de “liberdade de expresión, asociación, manifestación e comunicación”. Engade ademais que a xustiza marroquí da zona está sesgada pola presión de protección do dominio.

É Marrocos quen se beneficia dos recursos saharauís: pesca, fosfatos, area, turismo, enerxía... ¡sen falar do potencial existencia de petróleo e gas! E iso malia a recente resolución 63/102 da Asemblea Xeral, de decembro de 2008, que sinala que, en virtude do estatuto de Territorio non Autónomo (é dicir, pendente de descolonización) do Sahara Occidental, é o pobo saharauí quen ten o dereito de xestionar e explotar os seus recursos naturais, reafirmando que “toda actividade económica ou doutro tipo que afecte negativamente aos intereses dos pobos dos territorios non autónomos e ao exercicio do seu dereito á libre determinación, recoñecido na Carta e na Resolución 1514 (XV), é contraria aos propósitos e principios enunciados na Carta”, reafirmando tamén “a necesidade de evitar calquera actividade económica ou doutro tipo que afecte negativamente aos intereses dos pobos dos territorios non autónomos”. A nosa solidariedade coa digna loita dos saharauís pola súa liberdade e existencia como pobo.

A Aquela

Boh!

Boh! Toda a vida do Señor a vila de Lugo ostentando o título de “paleta” (que non pailana) oficial “de la región” e ata iso nos queren quitar! Xa non hai respecto por nada! Recordo aqueles gloriosos tempos que eu mesma vivín (e teño 40 acabados de estrear) nos que xa non se che pasase pola cabeza falar galego, senón que o mesmo ceo te librase de “ter” acento... galego, of course.

Boh!... que expresión tan ... tan ...“paleta”. Logo saes da túa vila, tentas moverte a outros lugares para desembrutecer, claro (procurando que se che note o mínimo a túa “paletes”, da que aos 15, máis ou menos, xa estás totalmente convencida) e “percibes cousas”, fenómenos estraños, pero ti, como es de Lugo, calas, non vaia ser que, un supoñer, se che note o acento.

Boh! E ti coa túa Galiza no corazón, a que tanto queres, pese ao teu acento, dicindo un pouco torpe pero coa

boca chea cando os de fóra che preguntan: “¿De donde eres?” e ti,

subíndoche a cor á cara de orgullo: “De Galicia”.. E

ao longo da túa vida vas coñecendo o país, percibes as diferenzas e

semellanzas entre lousados e tellados,

entre pícaras e meniñas, entre o marisco das rías e o de cortello... e tamén

sententes no corazón a unidade desta terra

de ríos, rías, verde, vacas e percebes.

E medras vivindo a Galiza enteira coas

demais galegas e galegos (aos que sen ser de Lugo lles pasou o mesmo ca a ti), e dás-te conta de que, felizmente, na

Galiza, todas e todos temos

acento (con variantes que enriquecen o conxunto), pero, afortunadamente, témolo, e así o vivimos.

Boh! Pero un día alguén di que a túa Galiza, con todas as súas comarcas, resulta que vive e respira grazas a que hai dous núcleos urbanos no Eixo Atlántico que turrán do país, que se non, que sería do resto! E ademais, marcan diferenzas, entre elas e cos outros. E ti recordas como para ser o que son (bo e malo), nutríronse do traballo doutras galegas e galegos que deixaron “Galiza” e o seu acento para ir traballar nelas. Lembras tamén que concentran gran parte da intelectualidade do país, moita da que tamén chegou a elas dende a “Galiza con acento”. E de súpeto, reparas en que o esforzo común emprégase para marcar diferenzas particulares, non para dinamizar o país. Porque a ver a quen se lle ocorre facer unha caixa galega única, non sendo para vivir “a Galiza acentuada” a conta da riqueza xerada unicamente por eles? Claro, a min de toda a vida os cartos da conta (que están nunha caixa galega) viñéronnos poñer dende A Coruña e dende Vigo, á conta do seu traballo, non do meu.

Boh! Universidades, aeroportos, industrias subvencionadas cos cartos de todas e todos (mesmo cos das gandeiras e gandeiros da “Galiza con acento” aos que ninguén lles subvenciona nada, e menos o leite) ... Núcleos urbanos co maior tecido empresarial que concentran a decisión e o poder... e por riba son, por estatística, os que menos coñecen e usan o noso propio e lexítimo idioma? E estes son os listos? Voltando ao principio e ao título de “paletos”: e non será que o tal título sempre estivo nun sitio que non lle correspondía? Xa non nos independicemos nós, as e os do acento...





Bancos e SGAE: rapina por Haití

A decisión da SGAE de cobrar 243,60 euros pola celebración dun festival solidario pro-Haití este sábado 30 no Concello de Cambre (A Coruña), finalmente anulada, vén sumarse á rapina de bancos e caixas no cobro de comisións nas transferencias con destino ás ONG que recadan fondos, denunciada hai poucos días.

É hora xa de pór coto á cobiza destas entidades -millonarias unha (SGAE), causantes outras da crise (bancos e caixas de aforro)- que atentan contra un principio, o da solidariedade, que cada vez máis florece en España, como se viu estes días.

Máis aló dese suposto código ético da asociación española da banca (ética e banca, un oxímoron, unha unión imposible!, diría o profesor Arcadi Oliveres), que recomendaría non cobrar comisións nas doazóns a ONG, a realidade sombriá esixe tomar xa medidas efectivas contra estes abusos, que indignan ata as persoas máis sosegadas.

De igual xeito que algúns colectivos (familias numerosas, discapacitados, mulleres maltratadas) reciben algunhas vantaxes nunca demasiadas- da Administración, debe modificarse xa, por acordo do Goberno ou de todas as forzas políticas do Congreso dos Deputados, e por iniciativa de quen sexa, a lexislación que lle permite á SGAE atracar, taxa en man, en festivais benéficos, e aos bancos e caixas impor o seu puño de ferro nos momentos máis difíciles.

Por Haití, polo tsunami, polo Mitch, por tanta xente!

Xosé M^a Torres. Presidente. Coordinadora Galega de ONGD



Boa Nova



A CLAVE

O Espírito, a Ruah, a sabedoría de Deus, leva a Xesús ao deserto, onde inicia un camiño de santidade: a súa vida pública. Pero ollo! A santidade tamén pode ser unha tentación. Aparentar santidade con xestos piadosos, quedarse na casa mirando santiños de plástico, candeas, incenso... As flores, as roupas douradas amoreadas nas sancristías, tamén poden ser unha boa tentación.

A Ruah que alenta e acompaña a Xesús, non ten nada que ver con exhibicións de poder e gloria no adro do templo, nin con bordados e ouropeis nos altares. A santidade non son almas etéreas nin ascéticas illantes. Por santos eran tidos os fariseos, que cumprían a lei ata nos puntos e nas comas. Pero ese non é o camiño que Xesús marca no deserto. "Non tentarás o Señor, o teu Deus". A santidade hai que vivila coma Xesús, que andaba nos camiños alimentando, sandando, reconstruíndo a dignidade das persoas despoixadas dela.

Xa o anunciaba Isaías: os cegos ven, os coxos andan, e aos pobres anúnciaselles a Boa Nova. O Reino vese nos seus froitos de misericordia, non nesas exhibicións de poder nas que os últimos son invisibilizados e anulados. Está nacente un novo estilo de facer presente a Deus no medio do pobo. Deus non está nas pedras feitas pan, no negocio dos milagriños todo-a-cen, senón na palabra no vento que restaura o marxinado, que sofre co oprimido, que non invisibiliza a ninguén.

Marisa de Corme

O ECO

Posiblemente o estrés sexa a doenza estrela das nosas sociedades. Unha doenza de ricos, dirán algúns, porque os pobres non teñen nin para ter disto. Pero nas conversas diarias oímos como ninguén ten tempo para nada, escoitamos como o traballo, a familia, as obrigas, as preocupacións, ou mesmo a falta de todo isto, fai que esta fatiga vital nos inunde. O estrés é unha reposta física ante unha sociedade que consideramos ameazante e que non nos dá nin un momento de tregua. Por sorte, sempre hai momentos que nos invitan a volver sobre nós mesmos, e a Coresma é un destes. Oínlle a unha persoa que a súa nai só lle pedira unha cousa na vida: que fose feliz. Porque a nai sabía que a felicidade era verdadeiramente contagiosa e era a que lle permitiría estar dispoñible aos demais. Pode que novamente entremos no tempo de preguntarnos sobre a nosa felicidade, de discernir entre quedar ben ou facer o ben.

José A. Martínez

DOMINGO 21 DE FEBREIRO.

1º DOMINGO DE CORESMA

Lc 1, 39-45

Naquel tempo, Xesús, cheo de Espírito Santo, volveu do Xordán, e o Espírito levouno deserto adiante, durante corenta días, onde o tentou o Satán. Naqueles días non probou bocado, pero ao cabo deles sentiu fame. E díxolle o Satán: "Se es o Fillo de Deus, manda que estas pedras se volvan pan". Respondeulle Xesús: "Está escrito: O home vive de algo máis que de pan". Despois levouno a un outeiro e mostroulle nun intre todos os reinos do mundo. Díxolle o Satán: "Dareiche todo o seu poder e toda a súa gloria, porque mos entregaron a min e doullos eu a quen quero: Se me adoras todo será teu". Respondeulle Xesús: "Escrito está: Adorarás o Señor, teu Deus, e só a El darás culto". Levouno logo a Xerusalén e plantouno no cumio do templo e díxolle: "Se es o Fillo de Deus, bótate de aquí abaixo, que está escrito: Mandará os seus anxos para que te garden; e tamén: Levárate nas súas mans para que non se manquen os teus pés nas pedras". Xesús respondeulle: "Está mandado: Non tentarás o Señor, teu Deus". E rematadas as tentacións, o Satán deixouno ata o tempo axeitado".

A PALABRA

Falando da lingua LEVÍRTETE!

Lidia e Valentina



Efectivamente é un rumor de esperanza a presentación de *55 mentiras sobre a lingua galega* o venres día 5, cando estamos a escribir este artigo, en 69 cidades e vilas galegas, do resto de España (Barcelona, Zamora, Madrid...) e incluso de máis alá das nosas fronteiras (Palestina, EEUU, Bélxica, Dinamarca, Portugal, Francia, Arxentina...). Cada exemplar custa 8 euros. Animámosvos a facervos con el (quede claro que nós non temos comisión!!!). Xan Guillén fálanos do conto, así que non nos repetimos, pero queriamos insistir no tema no noso recunchiño.

E de libros vai a cousa... Se tedes unhas horas libres, pasade por Pontevedra, xa que, ademais de gozar dun paseo agradable, aproveitarédesvos da XI edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil que se inaugurou o domingo 7 de febreiro no Pazo da Cultura. Cada ano conta cun eixo temático, este ano son as cidades, o ano pasado foi o amor, hai dous o mar, hai tres o medo... Ademais de ver e comprar libros, tamén podemos acudir a unha chea de actividades para todo os públicos: conferencias, exposicións, contacontos... E, *falando da lingua*, que

é ao que nos dedicamos nós, aproveitamos para comprobar como é ben certo o que vimos dicindo desde hai tempo, que os nenos pequenos nas cidades non entenden o galego... coma se fose lingua estranxeira!! Veu Anxo Moure contar uns contos en galego e os rapaces non entenden o vocabulario, é dicir, non entenden o conto! Xa lle escoitamos a alguén unha vez que tivo que explicarlle a un infante o que era “pau” e a outro “can”... Évos ben certo... e se non o credes ide escoitar ao grandísimo Agustín Fernández Paz, escritor a quen homenaxearán alí este ano, e que leva moitos anos entre nenos e adolescentes, seguro que pode confirmar algo do que dicimos.

E a lectura é moi importante para que os nosos nenos e nenas aprendan moito, e se len en galego, ademais de aprender, están contribuindo a manter viva a nosa lingua, porque a coñecen... A ver se a mascota do Salón, o Lobo Orbil (“libro” ao revés), desenhada por Kiko da Silva, que só se alimenta de follas de libros, anima a mocidade e a rapazada a ler e, sobre todo, a ler en galego, que existe unha oferta boísima.

O Fachineiro do deuteronomio

O xastriño valente

Logo da expectación creada sobre o teor da intervención de Zapatero nesa cousa tan do agrado dos estadounidenses de mesturar a lei divina coa humana -seica tamén o fan en Irán- a verdade é que cómpre recoñecerlle a habilidade que tivo para manexar o evento. Tamén foi arguto coa cita do deuteronomio 24, 14: “Non explotarás o xornaleiro, oprimido e pobre, sexa dos teus irmáns ou un dos emigrantes que hai no teu país, nas portas das túas cidades?” Home, as súas palabras habían ter máis eco se no canto desta cita escollese estoutra do deuteronomio 24, 1: “Se un home colle muller e casa con ela, pero logo, se ela non atopa amor aos seus ollos, xa que el encontrou

nela cousas que o fan avergoñarse, entón escribirlle o documento de repudio e entregarallo na man botándoa da casa?” Claro que as palabras saídas dos agnósticos beizos presidenciais son coma a luva da man nos tempos que vivimos e atopan a contrafigura nos de Adolfo Domínguez, que o mesmo día defende a “liberalización das relacións laborais”; id est, despedimento libre e, polo tanto, a explotación do xornaleiro e do emigrante (consúltese de paso o made in das etiquetas da súa marca). Enfin, menos mal que alí estaba Feijoo para defender a este valente emprendedor das hordas asalariadas.



A.Q.